

## ADMINISTRACIÓN LOCAL MUNICIPAL TORDOIA

*Ordenanza fiscal reguladora dos prezos públicos pola prestación dos servizos do punto de atención á infancia de Tordoia*

### ANUNCIO

Aprobación definitiva da modificación da Ordenanza fiscal reguladora do prezo público pola prestación do servizo do punto de atención á infancia (PAI) de Tordoia

A Xunta de Goberno Local do Concello de Tordoia, na sesión ordinaria que tivo lugar o día 10 de agosto do 2017 acordou aprobar inicialmente a modificación da ordenanza fiscal reguladora dos prezos pola prestación dos servizos do punto de atención á infancia de Tordoia.

Non presentándose ningunha reclamación contra a modificación da ordenanza fiscal reguladora dos prezos pola prestación dos servizos do punto de atención á infancia de Tordoia, queda definitivamente aprobada a ordenanza, polo que procede a publicación íntegra da mesma:

### ORDENANZA FISCAL REGULADORA DOS PREZOS POLA PRESTACION DOS SERVIZOS DO PUNTO DE ATENCIÓN Á INFANCIA DE TORDOIA

#### Artigo 1.-Fundamento legal.

En uso das facultades concedidas polos artigos 133.2 e 142 da Constitución Española, o artigo 105 da Lei das Bases de Réxime Local, e de conformidade co disposto nos artigos 15 a 19, en relación co artigo 47 do RDL 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais (TRLRFL), e así mesmo conforme o Decreto 49/2012, do 19 de xaneiro, polo que se aproba o réxime de prezos das escolas infantís 0-3 dependentes da

Consellería de Traballo e Benestar, este concello establece o prezo pola prestación do servizo público do punto de atención á infancia de Tordoia que se rexerá pola presente ordenanza fiscal.

#### Artigo 2.-Suxeitos pasivos.

Están obrigadas a pagar o prezo público regulado nesta ordenanza as persoas físicas beneficiarias do servizo do punto de atención á infancia que presta este Concello. Estas persoas teñen a consideración de suxeitos pasivos do prezo público. A prestación deste servizo constitúe o feito impositivo deste prezo público.

#### Artigo 3.-Reglas de definicións para a determinación do importe que se vai pagar.

a) Entenderase por unidade familiar a formada polos cónxuxes non separados legalmente e:

- Os/as fillos/as menores, con excepción dos que, con consentimento dos/as pais/nais, vivan independentes destes/as.
- Os/as fillos/as maiores de idade incapacitados xudicialmente suxeitos á patria potestade prorrogada ou rehabilitad.
- Os/as fillos/as maiores de dezaioito anos cun grao de discapacidade superior ao 33 por cento.

A determinación dos membros da unidade familiar realizarase atendendo á situación existente no 31 de decembro do ano a que se refiran os datos económicos a que se refiren as seguintes regras.

b) Tomarase o importe dos ingresos totais da unidade familiar, que será o resultado da agregación das rendas do exercicio anterior a aquel en que dea comezo o curso escolar, no cal pretenda que produza efectos, de cada un dos membros da unidade familiar, calculadas por agregación da base impositiva xeral coa base impositiva do aforro, calculadas segundoos criterios establecidos na normativa do imposto sobre a renda das persoas físicas.

Documentación acreditativa da situación económica:

- Copia cotexada da última declaración de IRPF de todos os membros da unidade familiar. Para o suposto de que non se teña presentada, deberá presentar certificado emitido por Facenda.

- No suposto de percibir pensión, certificado expedido polo Instituto Nacional da Seguridade Social ou da administración autonómica pagadora da mesma.
- Nos casos de nulidade matrimonial, separación ou divorcio considerarase a renda de quen exerza a garda e custodia do/a menor e as pensións compensatorias que perciba o cónxuxe que a ostente e de alimentos dos/as fillos/as ao seu cargo. No caso de non as percibiren, acreditarase esta circunstancia coa copia da reclamación xudicial presentada ao efecto.

A documentación citada anteriormente fará referencia ás circunstancias existentes ao momento de apertura do prazo de renovación de praza, preinscrición e matrícula.

De carecer de acreditación documental, poderase presentar informe dos servizos sociais municipais.

A falta de presentación dalgún destes documentos dentro do prazo de solicitude establecido suporá a renuncia implícita a ser valorado no apartado correspondente do baremo aplicable.

Cando se produzan causas sobrevidas que afecten aos recursos da unidade familiar, poderán presentar outros documentos que acrediten oficialmente a situación económica, sempre e cando as variacións de ingresos supoñan unha diminución ou un incremento de máis do 20 % no cómputo anual fronte aos declarados na solicitude de praza, variacións que deberán ter unha duración dun mínimo de 4 meses para ser tidas en conta.

- c) O importe anterior dividirase polo número de membros computables da unidade familiar.
- d) A renda per cápita mensual será o resultado de dividir o importe anterior entre 12 meses.

#### Artigo 4.-Prezos.

Os prezos son os que estipula o DECRETO 49/2012 do 19 de xaneiro, modificado pola Resolución do 10 de maio de 2017, polo que se actualizan os prezos das escolas infantís 0-3 dependentes da Consellería de Política Social. O prezo pola atención educativa en xornada completa no PAI fíxase en 169,26 € mensuais.

Segundo a renda per cápita mensual da unidade familiar:

- a) Rendas inferiores ao 50% do IPREM

Prezo da praza: 0,00 €

- b) Rendas comprendidas entre o 50% e inferiores ao 75% do IPREM

Prezo da praza: 34,91 €

- c) Rendas comprendidas entre o 75% e inferiores ao 100 % do IPREM

Prezo da praza: 69,81 €

- d) Rendas comprendidas entre o 100% e inferiores ao 125% do IPREM

Prezo da praza: 112,13 €

- e) Rendas comprendidas entre o 125% e inferiores ao 150% do IPREM

Prezo da praza: 133,29 €

- f) Rendas comprendidas entre o 150% e inferiores ao 200% do IPREM

Prezo da praza: 147,05 €

- g) Rendas superiores ao 200% do IPREM

Prezo da praza: 169,26 €

Descontos:

Segundo as circunstancias da unidade familiar, sobre o prezo que resulte aplicar o disposto no punto anterior aplicaranse os seguintes descontos que non son acumulables entre si:

- Nenos/as pertencentes a familias numerosas, desconto dun 20%.
- Nenos/as pertencentes a familias monoparentais, desconto dun 20%.
- Cando asistan varios irmáns, o segundo e sucesivos terán un desconto do 20%.

Entenderase por familia numerosa aquela que reúna as condicións que determina a Lei 40/2003, do 18 de novembro, de protección ás familias numerosas.

Para a aplicación dos descontos terase en conta as circunstancias concorrentes no momento de presentación da solicitude da praza no PAI que deberán ser previamente xustificadas documentalmente de non coincidir coas circunstancias na data do devengo da declaración do IRPF.

Tordoia, 28 de setembro de 2017.

O alcalde

Antonio Pereiro Liñares

---

2017/8316